

¡Arriba España! é unha longametraxe de dúas horas na que se sintetizan máis de trinta anos da vida do noso país. A través dunha montaxe de noticiosos e documentais —intercalados con entrevistas a personaxes políticos españois actuais, tanto da esquerda como da dereita—, o espectador contempla aqueles feitos do franquismo —deica a morte de Carrero Blanco— que dividen a historia do Réxime. Presentado recentemente na Mostra de Venecia, ¡Arriba España!, foi estreado no seo dunha das manifestacións paralelas do último Festival de Cannes, con excelente acollida. A entrevista que publicamos con José María Berzosa —autor do filme, con colaboración no guión do corresponsal de Triunfo en París, Ramón Chao— intenta, sobre todo, informar dun filme que aínda non se sabe se poderemos ver nas pantallas españolas:

Por que razón en ¡Arriba España! se limita vostede ao período 1939-1973? A guerra civil é un tema moi tratado, en todos os seus aspectos por separado e en traballos de síntese moi completos, para que insistir? Ademais, comezar o relato a partir da vitoria de Franco era renunciar a unha facilidade. Todos os públicos están sensibilizados coa exaltación da guerra: ver uns milicianos ou uns lexionarios a bater no inimigo ou a cantar *Los cuatro generales* ou *El novio de la muerte* é máis excitante que a imaxe de Castiella asinando o Concordato ou a de De Gaulle charlando con Franco...

Daquela preferiu correr o risco do prosaísmo e ocuparse dunha época relativamente inédita no cine. O inédito é o intento de resumir. Todos os acontecementos aos que se alude en *¡Arriba España!* xa estaban filmados e son coñecidos, pero a súa concentración debe provocar —cando menos iso espero— impresións novas e —quen sabe?— ao mellor dá ganas de reflexionar. Se conseguísemos isto sería unha gran satisfacción.

Por que rematar coa morte de Carrero? Cando comezamos a escribir o guión decidimos ignorar a actualidade que en xeral vai máis á présa que a fabricación dun filme. André Camp, Ramón Chao e máis eu estabamos de acordo en nos impoñer unhas datas límite. Deste xeito, gañabamos certo distanciamento —que boa falta nos fai a todos!— e evitabamos o envellecemento prematuro do traballo xornalístico.

Como a desaparición de Carrero parecía anunciar a fin do franquismo histórico e o nacemento doutra cousa que até hoxe é imposible definir, pensamos que era o mellor momento para se deter.

Supoñemos que o máis difícil debeu ser a escolla de capítulos, de testemuñas. Si, claro. Dispoñíamos de dúas horas de filme e non debiamos deixar de lado nada importante; a dificultade é saber que é o máis importante. Un historiador pode xulgar que un feito é máis importante ca outro segundo as consecuencias que tivese, pero cando se trata dunha historia recente, estas consecuencias aínda non se esgotaron, e a marxe de erro é moi grande.

Ben, estaba a importancia, pero tamén o interese informativo. Así, ao problema catalán, que ninguén ha pensar que é insignificante, non lle adicamos unha secuencia especial, porque todo o mundo coñece a súa formulación e a única solución posíbel, grazas á unidade dos demócratas cataláns. Outras nacionalidades presentan conflitos que non son máis importantes, pero si máis complexos e que ultimamente teñen condicionado toda a vida política do Estado español. A estes concedémoslles moita máis atención.

En canto ás testemuñas, escollémolas en función do seu papel político a partir do 1 de abril de 1939 ou da súa exemplaridade. Coido que non se nos pode acusar de caer no anecdótico cando se citan casos individuais que se teñen repetido un cento de veces.

Digo que escollemos as testemuñas, pero iso non quere dicir que elas estivesen de acordo. Do mundo oficial, nin o

O ¡Arriba España! de José María Berzosa

Revista Triunfo

daquela Príncipe, nin o presidente do Goberno aceptaron o noso convite. Porén, outras personalidades franquistas de menor relevo, os exfranquistas, os parafranquistas, os franquistas en corentena e a oposición democrática, preséntannos a súa colaboración sen reticencias.

A ausencia de persoeiros tan importantes como Santiago Carrillo, secretario xeral do Partido Comunista de España, explícase porque a súa actuación política se situou até o de agora no exilio.

Por que razón Tierno Galván aparece como testemuña excepcional? Porque de todas as primeiras figuras da política actual é a única que entrou na vida pública case inmediatamente após a guerra, afirmando a súa oposición á ditadura, e ficou no país malia a hostilidade do Réxime sen agochar as súas ideas, cousa que noutras épocas esixía un extraordinario valor físico... E porque, como non é home de vocación tardía, a súa actitude inspira o respecto mesmo dos seus adversarios políticos.

Enrique Tierno podería ser un día o artífice dunha reconciliación difícil, improbable.

A súa presenza no filme é un elemento de credibilidade indispensable nun traballo que ha inspirar necesariamente paixóns e polémica.

Onde conseguiron os documentos de arquivo? En Francia, Estados Unidos, Italia, pero, sobre todo, en España, no NO-DO. Foron moi amábeis connosco.

E a rodaxe? Tamén a fixemos en condicións moi favorábeis. Obtivemos todas as autorizacións oficiais e rodamos con

todas as persoas que quixemos e que quixeron colaborar connosco sen ningún obstáculo. *¡Arriba España!* non ten nada de filme clandestino.

O produtor é a Televisión Francesa? Non é exactamente iso. O produtor é a Sociedade Francesa de Producción, un dos organismos que sucederon ao ORTF, e que traballa indistintamente para o cine e para a televisión. *¡Arriba España!* é o primeiro número dunha serie de filmes que a Sociedade Francesa de Producción prepara sobre Europa, de Múnic deica os nosos días. O próximo será sobre o titismo.

Cando se len os créditos de ¡Arriba España! dá a impresión de que se trata dun filme español... Éo. Os participantes son españois, e Chao e máis eu, claro. E a meirande parte dos documentos. E Antonio Saura, que nos fixo pinturas e grafismos. E Luis de Pablo, autor da banda musical. E Adelaida Blázquez, que leu o comentario... E os diálogos son en castelán, en catalán, en galego, en vasco... Todo é español, agás o meu equipo técnico e André Camp, o outro coguionista, que é francés pero non se lle nota moito.... E algo que desgraciadamente era indispensable, o soporte financeiro tamén é francés. A elaboración deste filme fai parte dun fenómeno moi antigo: exilio español - acollida francesa. Hai unha chea de precedentes ilustres.

Cando se vai estreir ¡Arriba España! en Madrid? O ano que vén, se Deus quere.

* Entrevista publicada no número 718 da Revista Triunfo (p. 49), o 30 de outubro de 1976. Tradución de Pablo Cayuela.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

PROXECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde
Bono-axuda: 1€

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

① cineclubedecompostela.blogaliza.org
@ cineclubedecompostela@gmail.com

FILMAR O EXILIO

Ciclo programado por Luis E. Parés

5 DE FEBREIRO | 21:30

A miña ideoloxía
(*Mi ideología*, Luis E. Parés, España, 2013, 12', VO)
O suxeito ou O escritorio das mil e unha gabetas
(*Le Sujet ou Le Secrétaire aux mil et un tiroirs*, Joaquín Lledó, Francia, 1975, 72', VOSG)
Presentación de sesión e ciclo por Luis E. Parés

12 DE FEBREIRO | 21:30

Arriba España!
(*¡Arriba España!*, José María Berzosa, Francia, 1976, 120', VOSG)

19 DE FEBREIRO | 21:30

Sangre e ouro (*Sangre y oro*, Fernando Arrabal, Francia, 1978, 17', VOSG)
Viva la muerte (*Viva la muerte*, Fernando Arrabal, Francia, 1971, 86', VOSG)

26 DE FEBREIRO | 21:30

No balcón baleiro
(*En el balcón vacío*, Jomí García Ascot, México, 1961, 70', VO)